

<p>

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN NOVO PAGAMENTO DE 20 MILLÓNS DE EUROS DO FONDO ESTATAL DE COMPENSACIÓN ÁS EMPRESAS DE TRANSPORTE PÚBLICO POLA CAíDA DA ACTIVIDADE POLA COVID-19</p>

<p>

 </p>

<p style="margin-left:18.0pt;">

 A Xunta, con esta achega e as anticipadas nos últimos meses, completa o importe total comprometido de máis de 28 millÓns de euros </p>

<p style="margin-left:18.0pt;">

 Trátase de achegar liquidez ao sector do transporte para poder garantir a prestaciÓn dos servizos públicos e manter os empregos </p>

<p style="margin-left:18.0pt;">

Os servizos de transporte de competencia autonÓmica rexistraron reduciÓns de usuarios que acadaron o 95% nos momentos máis últimos da emerxencia sanitaria</p>

<p style="margin-left:18.0pt;">

 As compensaciÓns que lle corresponden a cada concesionaria calcularanse segundo a diminuciÓn da demanda, os custos da adaptaciÓn dos servizos e o incremento dos custos de explotaciÓn por mor da crise sanitaria</p>

<p style="margin-left:18.0pt;">

 </p>

<p>

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo para realizar un novo pagamento de 20 millÓns de euros do fondo estatal para compensar as empresas de transporte público pola caída da actividade derivada da covid-19.</p>

<p>

O Goberno galego, con esta achega aprobada hoxe e os anticipos realizados nos últimos meses, completa o importe total comprometido de máis de 28 millÓns de euros.</p>

<p>

Con esta iniciativa, preténdese achegar liquidez ao sector do transporte para garantir a prestaciÓn dos servizos públicos e manter os empregos.</p>

<p>

O fondo creado compensa a cada concesionaria o impacto da crise sanitaria desde a primeira declaraciÓn do estado de alarma ata o 31 de decembro de 2020.</p>

<p>

Como consecuencia das restriciÓns de mobilidade derivadas da covid-19, os servizos de transporte de competencia autonÓmica rexistraron reduciÓns medias de usuarios que acadaron niveis superiores ao 95% nos momentos máis últimos da emerxencia sanitaria.</p>

<p>

Non obstante, as concesionarias deberon manter un volume de oferta de servizos axeitado para garantir a mobilidade das persoas e o seu acceso aos seus postos de traballo ou a outras actividades esenciais.</p>

<p>

Ademais, a prestaciÓn dos servizos viuse afectada tamén polo reforzo das medidas de seguridade sanitaria, como a desinfecciÓn dos vehículos, a posta ú disposiciÓn dos usuarios de xeles desinfectantes ou outras indicaciÓns que se foron establecendo ao longo destes meses.</p>

<p>

Neste sentido, a compensaciÓn a cada concesiÓn calcularase segundo a diminuciÓn da demanda, os custos fixos a consecuencia da adaptaciÓn dos servizos autorizada pola AdministraciÓn e o incremento dos custos de explotaciÓn por mor da crise sanitaria.</p>

<p>

Unha vez aprobado o acordo, nun prazo de dez días a contar desde a entrada en vigor desta orde, a Dirección Xeral de Mobilidade comunicará ás concesionarias o importe que lle corresponde.</p>

<p>

As empresas disporán dun prazo de cinco días, desde a comunicación da anterior información, para confirmar a aceptación da indemnización calculada pola Administración.</p>